

Valdoviño, 8 de novembro de 2012. ADEGA denuncia unha nova alteración do réxime natural da lagoa da Frouxeira-Valdoviño en plena tempada de migración e invernada de aves. Con estas obras, a Xunta certifica a condea a morte da lagoa que ben pode pasar a chamarse a partires de agora "enseada da Frouxeira". A pretendida "regulación do nível de inundación" que efectúa a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas , vulnera unha vez máis a Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE) da que precisamente hoxe cúmprense 20 anos, a Directiva Aves (Directiva 2009/147), a Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, a Lei 9/2001 de Conservación da Natureza e o Decreto 127/2008 que regula os humidais protexidos. Vulnérase tamén o acordo que no seu día adoptou o Parlamento galego en relación ás actuacións de xestión deste humidal. Se con Fraga inaugurábanse accidentes xeográficos , con Feijóo crianse outros novos.



A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas recolle na súa páxina web que este xoves 8 de novembro *"A Xunta restaurará a canle natural de desaugamento da Lagoa de Valdoviño co obxectivo de recuperar o funcionamento hidrolóxico natural do sistema. Os*

traballos de restauración da canle pretenden ***rebaixar o nivel da cota de inundación*** ***d a lagoa***
”
. Declaracións que amosan un intencionado, grave e reiterado incumprimento do Decreto 127/2008 que protexe os Humidais de Galiza e que prohibe, entre outras agresións “alterar o réxime hidrolóxico dos humidais protexidos”. A alteración do réxime hidrolóxico xera ademais un claro incumprimento do resto da normativa ambiental que incide nesta lagoa, a saber: A Directiva Aves, a
Directiva Hábitat
da que hoxe cúmprense precisamente 20 anos
,
a Lei 42/2007 e a Lei 9/2001, xerando un novo desequilibrio ecolóxico no humidal que mesmo podería ser constitutivo dun
delicto penal
.

A Web oficial da Xunta tamén recolle que *“Esta actuación forma parte das directrices do* ***Plan de Conservación do Humidal Protexido Lagoa e Areal de Valdoviño***
, que está a tramitar a Consellería de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza”
.
Pero de qué Plano de Conservación falan?
O
24 de xaneiro de 2012, tras baleirar a lagoa,
o
Director Xeral de Conservación da Natureza prometeu, como en múltiples ocasións anteriores e insultando a intelixencia dos cidadáns
“que procederá de xeito inmediato a redactar un Plan de Xestión do Humidal da Frouxeira e que estaría redactado para antes do verán de 2012”
,
Plan de Xestión
, que a estas alturas de ano
nin sequera se publicou no DOG
o correspondente “inicio do procedemento para a súa redacción”.

Como se recordará derivada da situación xerada tras a apertura intencionada da lagoa que provocou a súa alteración hidrolóxica en 2009, o **Parlamento Galego** adoptou un acordo, por unanimidade de todos os grupos políticos, que instaba á Xunta a buscar unha
xestión racional
e coherente cos obxectivos de conservación do humidal,
e non autorizar, con carácter cautelar, novas aperturas da lagoa.



Transcorridos máis de dous anos a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, segue ocultando a información técnica que xustificou os baleirados da lagoa do ano 2009 e de xaneiro de 2012, así como os informes botánicos, hidrolóxicos e zoolóxicos, que estarían **supostamente finalizados no verán de 2011.**

A Xunta e a Demarcación de Costas estiveron máis de 2 anos de brazos cruzados, sen formular e menos aínda executar, medidas para corrixir os defectos construtivos dun paseo marítimo somerxíbel e dunha rede de saneamento irracional que como o propio Director Xeral de Conservación da Natureza Sr. Borregón declarou *"fíxose sen ter en conta a dinámica natural da lagoa"* , pero esquecendo dicir que foi esa mesma administración a que autorizou ese trazado.

Con base a qué normativa ambiental, plan de conservación, estudos ou criterios científicos procede a Consellería de Medio Ambiente a abrir a lagoa de novo?

O máis dramático desta situación é que a Consellería de Medio Ambiente **non ten ningún criterio ambiental críbel**
no que poda apoiarse para proceder a baixar o nível da lagoa. A única razón para a apetura é puramente
urbanística
, isto é evitar que a auga chegue a un paseo construído na zona de inundación natural da lagoa. E ahí está a
grave irresponsabilidade e as grandes mentiras reiteradas
desta Consellería. Onde están todas esas promesas (actuar sobre o paseo marítimo, a canalización das augas residuais, aprobar o Plano de Conservación do Humidal...) que dixo ía

realizar en xaneiro de 2012 para evitar ter que actuar sobre a lagoa? Esas promesas non se cumpriron, e por causa da súa incompetencia e deixazón, de novo a Consellería volve a actuar sobre a lagoa para
"baixar o nível de inundación".

ADEGA considera que esta nova actuación Dirección Xeral de Conservación da Natureza supón unha nova e reiterada vulneración da Directiva 92/43 CEE de Hábitat e un novo incumprimento da Lei 42/2007 e do Decreto 127/2008 de Humidais de Galicia. Por todo isto, dende ADEGA queremos denunciar:

-A incomprensible e irresponsable **vulneración do acordo do Parlamento galego** por parte da Xunta, en concreto da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, no que se instaba ao governo a
buscar unha xestión racional, coherente cos obxectivos de conservación do humidal, e non autorizar con carácter cautelar, novas aperturas da lagoa.

-A actitude reiterada de **ocultación de información** practicada pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, sobre os proxectos, estudos, seguementos que dicían ter e que supón un claro incumprimento da Lei 27/2006, de acceso á información ambiental. De novo ADEGA solicita que se faga público ese suposto Plan de Conservación do Humidal e do seu documento técnico, que en calquera caso, ao non estar publicado como un Decreto,
carece de validez legal
para actuar sobre a lagoa.

-A **pasividade** durante case 2 anos nos que non sen formularon e menos aínda executaron, medidas para corrixir os defectos construtivos dun paseo marítimo somerxible e dunha rede de saneamento irracional.

ADEGA segue defendendo unha **xestión racional do humidal**, comezando pola eliminación de todas as accións humanas negativas (paseo marítimo inadecuado, nefasta xestión urbanística,...), antes de seguir empregando maquinaria pesada e excusas de mal pagador por parte da Xunta como a "seguridade pública" para actuar sobre un espazo protexido
sen ningunha xustificación ambiental
e, como sempre, de xeito improvisado ante a suba do nível da lagoa.